



Viaxe ao interior dunha vaca: ver e ouvir co tacto



Foto: José Luis Miguez

► PODER DIAGNOSTICAR A PREÑEZ DUNHA VACA É MOI IMPORTANTE PARA QUE SIGA PRODUCINDO LEITE E TAMÉN PARA QUE NAZAN CRÍAS QUE POIDAN SUBSTITUÍR AOS ANIMAIS QUE SE VAN FACENDO VELLÓS, MORREN OU ENFERMAN

Sabedes? Os veterinarios que traballamos con vacas temos un superpoder co que viaxamos ao seu interior: podemos ver e ouvir co tacto. E nesta nova crónica vouvos contar como o facemos.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

En realidade trátase dunha técnica que se chama palpación rectal. E para que necesitamos viaxar ao interior das vacas? Pois para saber se están preñadas. Poder diagnosticar a preñez dunha vaca é moi importante para que siga producindo leite e tamén para que nazan crías que poidan substituír aos animais que se van facendo vellos, morren ou enferman.

A viaxe comeza cando introduzo a man (máis ben o brazo enteiro) no interior do recto, pero non vos asustedes, para non mancharme vístome con roupa adecuada e uso unha luva que me cobre ata o ombreiro.

Ás veces a vaca está relaxada e déixase explorar, non fai falta atala nin acurralala e podo explorala mesmo en liberdade nun pasto; isto é moi grato para min, porque, cando unha vaca o acepta, significa



Aquí me vedes traballando co meu superpoder

Foto: José Luis Miguez

que non lle causo dor. E comezo a exploración: a parte final do intestino dunha vaca que se chama recto é moi elástica e por iso a través dela podo localizar o útero e os ovários.

A partir dos trinta días xa podo palpar o feto (é como unha boliña que foxe entre os dedos).

Con corenta días, a sensación ao palpar cun suave belisco é igual que

► HOXE OS AVANCES EN TECNOLOXÍA PERMÍTENME ACOMPAÑAR ESTA TÉCNICA “MANUAL” COAS ECOGRAFÍAS, PERO A MIN [...] PÁSAME COMA A SANTO TOMÁS, QUE, SE NON TOCO, NON VEXO

Feto de unos 30 días en su vesícula amniótica




Foto del libro de Manuel Fernandez Sanchez: El ciclo estral de la vaca: Diagnóstico fotográfico

cando unha camisa escorrega por baixo dun xersei...

Aos tres meses, todo o feto cae ao fondo do abdome, polo que, ás veces,

Feto con sus envolturas de menos de 50 días



Foto del libro de Manuel Fernandez Sanchez: El ciclo estral de la vaca: Diagnóstico fotográfico



Santo Tomás de Caravaggio, Palacio de Sanssouci, Potsdam (Alemania)

é imposible de palpar. É por iso que nos seguintes meses o que palpo son as arterias uterinas, que alimentan a cría e que latexan dunha forma moi clara e característica (o frémito). Ao palpar estas arterias, teño a sensación dun fluxo turbulento (noto un “frus frus”, fronte ao “blup blup” dunha arteria normal). Isto é moi peculiar...Oio co tacto! Aínda sen palpar a cría, podo confirmar que a vaca está preñada.

Co paso do tempo, líquidos e feto ocupan practicamente o fondo da cavidade abdominal e xa podo palpar a cabeza e as patas. Grazas á elasticidade do recto que vos comentaba antes, podo meterlle un dedo na boca ao feto e sentir como succiona, o que proba

que o reflexo de succión é un reflexo innato e non adquirido.

Hoxe os avances en tecnoloxía permítenme acompañar esta técnica “manual” coas ecografías. Nelas capturo imaxes de ovários e embrións e aumento a información que o tacto me dá, pero a min, que xa levo moitos anos palpando, me pasa coma a Santo Tomás, que “se non toco, non vexo”. Son demasiados anos ouvindo e vendo co tacto! ■